




Estratexias de mediación lectora *Tecendo lecturas* *Tecendo lectorxs*

Sonia

H**e****r****m****I****d****a**

Aidan chambers, Dime

DIAGRAMA DE PROMOCIÓN DA LECTURA



**IMPORTA O QUE LEMOS?
COMO SELECCIONAMOS?**

**OS BOBOS LIBROS E AS
BOAS LECTURAS
ENSINAN A LER**

**O MERO CONTACTO DE NENOS,
NENAS E MOZXS CON CERTOS
CORPUS DE LECTURA FAVORECE A
ADQUISICIÓN DE DETERMINADOS
COÑECEMENTOS SOBRE AS
OBRAS.**





**NA PRIMEIRA INFANCIA, O
CONTACTO EXTENSIVO CO CONTO
TRADICIONAL FAVORECE A
ADQUISICIÓN DE PATRÓNS
NARRATIVOS ESTABLES E A
CONSOLIDACIÓN DE ESTRATEXIAS
DE ANTICIPACIÓN**

**CERTO TIPO DE NARRACIÓNS
PROMOVE A IDENTIFICACIÓN DE
NARRATIVAS POLIFÓNICAS,
ACHEGAMENTO A RECURSOS
COMO A PARODIA, IRONÍA, AS
FORMAS DE REELABORACIÓN E
TRANSFORMACIÓN QUE ACTIVAN
OS TEXTOS ENTRE SÍ.**

**O PROCESO DE CONSTRUCCIÓN
DUNHA COMPETENCIA LECTORA É
PROGRESIVO. PRODÚCESE DE
FORMA NATURAL CANDO SE ESTÁ
EN CONTACTO CONTINUO CON
CORPUS AMPLIOS E DIVERSOS.**

**PERO O MERO CONTACTO NON É
SUFICIENTE PARA APRENDER A LER
DE FORMA PROFUNDA.
NECESITAMOS FACER EMERXER
ESES MECANISMOS E
PROCEDEMENTOS PARA QUE OS
DESCUBRAN E SE APROPIEN DE
ELES**

COMO SELECCIONAMOS?



1. VARIEDAD E CALIDADE

COMO PODO SABER SE UN LIBRO É BO?

Porque deixa espazo

OS BOS LIBROS NON TOMAN AOS NENOS E NENAS POR TONTOS,

SEMPRE LLES DEIXAN UNHA MARXE PARA CONSTRUIR O SEU PROPIO RELATO

Historias que non rematan nunha soa lectura, senón que se prestan a múltiples interpretacións e xogos
Linguaxe rica.

Sen didactismos nin estereotipos.

Riqueza cultural, con ancoraxe na contorna e cultura propia.

PROPOSTA GRÁFICA DE CALIDADE.

2. EN QUE ME PODO FIXAR?

Para quen seleccionamos?

Nos gustos e intereses do alumnado para achegarlles temáticas que poidan engancharlos.

Para que seleccionamos?

En AMPLIAR sempre os seus horizontes: libros de xéneros e formatos moi diversos. Ampliar os soportes. Ilustracións con estilos moi diferentes e ricos para que a súa educación artística sexa o máis ampla posible, que acompañen ou enriquezan a historia.

Na factura dos materiais.

Dedicar un tempo a ler.

2. EN QUE ME PODO FIXAR?

Libros que despertan emocións:
conmover, divertir

En torno a temáticas universais

Que amosen situacións da vida cotiá, ou
aquelas que o cambian todo na vida
(exilio, morte...)

Son verosímiles, mesmo os de fantasía
Suscitan algunha reflexión.

Hai respecto polos lectores e lectoras:
non intentan dar leccións explícitas, non
dá as solucións aos problemas, propón
perspectivas diferentes sobre temas
difíciles.

3. APRENDIZAJES LITERARIAS

Las brujas, As bruxas, Roald Dahl

Esto que brilla en el aire, Cecilia Pisos

El mar, Micaela Chirif

La mentira, Catherine Grive

O paseo de Rosalía, Pat Hutchins

Un lunes por la mañana, Uri Shulevitz

4. REFLEXIÓN ÉTICO- FILOSÓFICAS E DE CONTIDO

Zorro, Margaret Wild e Ron Brooks

La isla, Armin Greder

La costura, Isol



XÉNEROS E TEMÁTICAS

NON FICIÓN/Divulgación
DATOS E MÁIS DATOS? Ou
máis?





XÉNEROS E TEMÁTICAS

NON FICIÓN/Divulgación
DATOS E MÁIS DATOS? Ou algo máis?



XÉNEROS E TEMÁTICAS

NON FICIÓN/Divulgación
DATOS E MÁIS DATOS? Ou algo máis?



XÉNEROS E TEMÁTICAS






NON FICIÓN/ divulgación
DATOS E MÁIS DATOS



XÉNEROS E TEMÁTICAS



NON FICIÓN/
divulgación

A curiosidade como
guía



XÉNEROS E TEMÁTICAS

NON FICIÓN/
divulgación




XÉNEROS TEMÁTICAS...


Álbum ilustrado

Que é?

Por que si?



Libros que contribúan a desenvolver o pensamento abstracto



Libros que contribúan a desenvolver o pensamento abstracto



XÉNEROS TEMÁTICAS SOPORTES...

Ler e pensar... o álbum



XÉNEROS TEMÁTICAS SOPORTES...



Ler e pensar... o álbum



XÉNEROS TEMÁTICAS

SOPORTES...


Contos tradicionais



XÉNEROS TEMÁTICAS

SOPORTES...

Contos tradicionais



juventud

—¡Con esa ridícula pronunciación
no se entiende nada!
¡Articula, articula!



XÉNEROS E TEMÁTICAS

Contar para contarnos e ser contados




Sapo y Sepo

CUENTOS PARA TODA LA VIDA


Arnold Lobel

loqueleg



XENEROS E TEMÁTICAS




Contar para contarnos e ser contados



XÉNEROS TEMÁTICAS




Contar para contarnos e ser contados

De Arnold Lobel a Tolkien en 3 anos





XÉNEROS TEMÁTICAS

Poesía



XÉNEROS E TEMÁTICAS

Poesía



XENEROS E TEMÁTICAS




Colección **Merlín**
ANXO IGLESIAS
Tacón, punta, tacón
ilustracións de **Laura Romero**



XERAIS






Poesía



XENEROS E TEMÁTICAS

Poesía



XENEROS E TEMÁTICAS


Poesía

Kalandraka, colección Orihuela

Mar Benegas (¿Qué soñarán las camas,
Versos como una casa, Las niñas, Cómo
abrió don Nicanor el gran circo volador,
Con el ojo de la l) María José Ferrada (UN
jardín, El idioma de los animales, Cuando
fuiste nube), Niños raros, poemas sen
rima (Cajita de fósforos)


XENEROS E TEMÁTICAS

Cómic





Cloe y la nube

Núria Aparicio (LaPendeja)






XÉNEROS E TEMÁTICAS

Cómic



XÉNEROS E TEMÁTICAS

Cómic




XÉNEROS TEMÁTICAS FORMATOS

Libros obxecto



XÉNEROS TEMÁTICAS FORMATOS

Libros obxecto






XÉNEROS E TEMÁTICAS

Revistas



COMO OFRECEMOS?



1. POSTAS EN ESCENA

Colocar diferentes materiais literarios e artísticos apropiados sempre ao seu alcance. Acompañar no seu descubrimento. Incitar. Ubicalos en contextos diferentes. Dar protagonismo.

Crear presentacións e relacionar con outros ámbitos, outras artes, etc...



OFRECER
MODIFICAR
PROVOCAR



1. POSTAS EN
ESCENA



POSTAS EN ESCENA POÉTICAS

1. POSTAS EN ESCENA





SUSURRADORES



1. POSTAS EN ESCENA

2. COMPARTIR EN VOZ ALTA

LER EN VOZ ALTA SEMPRE

Probablemente non exista ningún outro mecanismo tan potente á hora de construír o vínculo afectivo cos libros.

Reforza o vencello humano, mellora as habilidades lectoras e comunicativas, amplía o vocabulario...

Diversos estudos científicos respaldan o poder da lectura en voz alta na configuración neurolóxica dos seus cerebros.

Pode reservarse un momento de lectura por quendas, por grupos, do mestre/a só.

Elexir extractos ou poemas que se adapten a idades diferentes.

Álbumes que aporten mensaxes distintas a distintas idades

2. COMPARTIR EN VOZ ALTA

PROSODIA E INTENCIÓN LITERARIA

A prosodia acompaña e afianza a comprensión oral.

A intención literaria.

Mans á obra!

A EXPERIENCIA DE LEOVOLUNTARIOS

2. COMPARTIR EN VOZ ALTA?

Mellorar a accesibilidade lectora entendendo que a lectura é un proceso complexo que vai moito máis aló do desciframento do código escrito, da decodificación dun texto.

Os obxectivos, en realidade, son amplos: a conexión coas historias, o desenvolvemento da capacidade simbólica, o fomento das habilidades expresivas, da seguridade en sí mesmos/as, da súa autonomía, comprensión lectora...

Como Traballando na narración de álbumes sen palabras que se ofrecerán despois a un público.

A EXPERIENCIA DE LEOVOLUNTARIOS

2. COMPARTIR EN VOZ ALTA?

Como se traballa o álbum

- Lectura descriptiva. Observar as imaxes con calma. Describimos ou enumeramos en voz alta que nos atopamos. Fixémonos en que elementos se repiten.
- Lectura interrogativa. Unha vez situados, podemos empezar a facernos preguntas. Quen pasa, a quen lle pasa, onde lle pasa...
- Lectura interpretativa. Construimos significado. Imos descifrar que nos conta o libro (poema, información, narración...)
- Lectura crítica e afectiva (emocional). Vencellamos o que limos coa nosa vida, as nosas emocións, os nosos recordos...

A EXPERIENCIA DE LEOVOLUNTARIOS

2. COMPARTIR EN VOZ ALTA?

Consellos para os/as leovoluntarios/as
Voz. Compróbaa. Sonoridade
(baixo/alto, rápido/lento)

Mirada. Mirar aos ollos, mirar xirando a
cabeza, mirar o libro e despois ás
persoas.

Corpo. Ben colocado, con enerxía, evitar
rixidez e tensión, comunicativo/a e
expresivo/a. A cara e as mans.

Libro. Saberse ben a historia,
comprobar que o poden ver, pasar as
páxinas con coidado.

Teatro de sombras

Kamishibai

Algunhas historias neste formato

3. DRAMATIZACIONES KAMISHIBAI






KAMISHIBAI





4. CITA A CEGAS CON UN LIBRO/ LIBRO SORPRESA



E QUE FACEMOS?
ANTES
DESPOIS



DIVERSIFICAR AS PRÁTICAS



**1. BUSCAR
CAMIÑOS
PARA
DESCIFRAR
INDICIOS**

XOGAR

Dominó de libros

Cada un coloca xunto a un libro outro dicindo que teñen en común: pode ser variado: a cor da cuberta, a temática, un elemento, o tamaño, libro vertical ou horizontal, colección, autor, ilustrador, tipo de libro... Aos máis pequenos damoslles libros con un punto en común e teñen que averigualo, aos maiores, libros contrarios.



CREAR XOGANDO

Actividades de construcción de historias Disparadores

A baralla dos contos. Barallas de tinkuy como ferramenta para outras actividades. Obradoiro no que ofrecemos unha baralla con diferentes “familias”. Adxunto material, pero tamén se poden adquirir online. Como alternativa para infantil ou primeiro/segundo, outro material interesante é o puzle La caja de los cuentos.



**EXPLORAR
(PREPARARNOS
PARA DESCIFRAR)**

Escollemos un relato coñecido, fragmentámolo, collemos as secuencias e as desordenamos (pode ser a través de imaxes ou texto) a tarefa do alumnado é ordenalo. Por niveis de curso, imos complicando a tarefa con relatos máis longos e menos coñecidos.

Obradoiros literarios por xénero: poesía (haikus, surrealismo, dadaísmo, poemas colectivos), contos, libro informativo (lapbook)



Obradoiros literarios por xénero: poesía (**haikus**, surrealismo, dadaísmo, poemas colectivos, poemas monovocálicos, acrósticos), contos, libro informativo

INFANCIA

un mirlo se posa en el árbol

TODOS RIEN EN EL FUNERAL

Estoy acostada en una hamaca tomando ☺

Comer Pan con Palta con mi Hermana después de salir de la piscina

a los Pájaritos en mi ventana

UN PAN CON HUEVO REVUELTO

Para hacer un poema dadaísta Tristan Tzara

- Cita de **Tristan Tzara** extraída de Litterature N° 15 julio-agosto 1920
- Tome un diario
- Un par de tijeras
- Elija en ese diario un artículo cuya dimensión tenga la extensión que desea darle a su poema.
- Corte el artículo. Corte después con cuidado las palabras que forman ese artículo y pónganlas en una bolsa.
- Agiten suavemente
- Saquen luego un recorte después del otro.
- Copien en una hoja de papel las palabras en ese orden
- El poema se parecerá a usted
- ahora usted es "un escritor infinitamente original y de una sensibilidad encantadora, incomprendido por el público vulgar"

**EXPLORAR
(PREPARARNOS
PARA DESCIFRAR)**

Binomio fantástico

Distintas actividades de creación literaria inspiradas no libro
Gramática da fantasía de Gianni Rodari.

Unimos dous elementos moi dispares: Imos xogar!

Utilizamos tarxetas en cestas ou caixas

Buscamos relacións e construimos historias

Can+armario Tiburón+teléfono Carballo+casa

Cambiamos un elemento dun conto:

Que pasaría se a historia da brancaneves sucedese hoxe?

Que pasaría se...?

Unha nena se despertase sendo unha formiga

Un león se subise a un autobús

**EXPLORAR
(PREPARARNOS
PARA DESCIFRAR)**

Xogos literarios

Distintas actividades con propostas xoguetonas e literarias.

Construír adiviñas. Partindo do exemplo de varios libros (Rodari de novo nos axuda, Adiviñacedario) xogamos por equipos a crear adiviñas sobre os protagonistas dos libros).

Dicionarios

Definicións imposibles de palabras que non coñecen despois de buscalas sen ler (len despois)

Criptografía. Creas o teu propio código escrito, á maneira de Paul Cox

**EXPLORAR
(PREPARARNOS
PARA DESCIFRAR)**

Xogos literarios

Máis dicionarios

Traballar a partir de palabras que se retiraron do dicionario (último ciclo de primaria e secundaria)

Proxecto the lost words

E tamén en español

Diccionadario

Lost in translation

Elexir unha palabra favorita que nunca debería desaparecer do dicionario

Diccionario sensorial

A que ule, a que sabe, cal é o tacto, a cor e o son das palabras do meu dicionario?

2. CONSTRUIR SENTIDO

**Dar un sentido a todo o que
fagamos, que o alumnado vexa un
camiño, un porque, unha senda que
lles facilite ir de un lugar a outro e
seguir explorando**

2. CONSTRUIR SENTIDO

Obradoiro de libros de artista e fanzines

Libros cartoneiros. Como paso previo, revisamos libros con formatos diversos: solapas, tarxetas, acordeón, etc... Logo decidimos cal será o tema ou eixo do noso proxecto de libro, iso condicionará a forma e resto de decisións. Podemos centrarnos tamén en un libro (Tras, tras_cucutrás, El idioma secreto, contos clásicos, etc)

Varios exemplos: Vídeo cartoneras Vídeo 2_

POSIBLES SENDAS PARA O NOSO MAPA

Uso do diario de lecturas. Permite abrir camiños lectores fóra do centro. Abrir o seu uso o máximo posible: recoller extractos que nos gustan, debuxar, escritura libre, conectar con unha idea, un personaxe que lle lembra o lido (vídeoxogo, serie, etc...)

A práctica continuada implica a posta en común que permita que emerxa esa dimensión persoal e espontánea. Por que me gusta? Que me di? Como me sinto? Por que me fai gracia?

Darlle unha entidade a ese espazo no día a día do aula: reservar un tempo de clase para iso, buscar un nome entre todos, adecuar un espazo, un sinal, asocialo a algo fermoso, o colofón dun día ou semana bonito...

POSIBLES SENDAS PARA O NOSO MAPA

Os contos populares son para todas as idades

A gran exposición de...

Esta actividade pode transformarse en un proxecto de varios meses. Organizar unha mostra en torno a un conto popular emblemáticos repasando as súas versións ou a súa presenza en outras obras, series de televisión, publicidade... O noso pequeno museo dos contos. Organizamos actividades artísticas para crear as nosas propias versións desa historia e obradoiro no ciclo superior de Primaria para revisar os diferentes elementos narrativos, ilustración, historia... e como cambian. Si son para todas as idades.

Conversacións lectoras que permitan poñer en valor todos os recursos literarios máis sofisticados de algunhas destas obras.

POSIBLES SENDAS PARA O NOSO MAPA



POSIBLES SENDAS PARA O NOSO MAPA

O mundo é a nosa escola
A nosa escola é o mundo

adios!	وداعاً
felicidad	التشعاده
parz	الشكلام
cumpleaños	عيد ميلاد
chocolate	الذئقولاتة



ASIA

- *Las visitas de Nani*, Karishma Chugani, Ekaré.
- *Cancioncillas de miel y pistacho*, Nathalie Soussana, Delphine Jacquot, Kókinos.
- *O nacemento do dragón*, Wang Fei, Marie Sellier, Catherine Louis, Kalandraka.
- *Un sueño para todas las noches*, de Lisa Bresner, Lumen.
- *El encargo*, Claudia Rueda. Asia, China. Océano Travesía.
- *Yo, Ming*, Clotilde Bernos e Nathalie Novi, editado por Kókinos.
- *La ciudad de los gatos*, Carmen García Iglesias, Lata de Sal.
- *Zenobia*, Morten Dürr e Lars Horneman, Barbara Fiore Cómics (a partir de 11 anos).

Biblioteca Escolar
CEIP Rosalía de Castro
Curso 2021-22
Programa Lectura e Familias

ÁFRICA


- *O león Kandinga*, de Boniface Ofogo e Elisa Arguilé, Kalandraka.
- *África, el continente de los colores*, Soledad Romero e Raquel Martín, Mosquito books.
- *Nada es lo que parece*, Ramón Girona, Libros del Zorro Rojo.
- *África, pequeño Chaka*, Marie Sellier e Marion Lesage, Edelvives.
- *El dragón que se comió el sol*, il. de Daniel Tornero, Libros de las Malas Compañías.
- *La libreta del dibujante*, Mohieddin Ellabbad. Laura Serrano, trad. Salamanca, Lóguez.
- *Illegal*, Eoin Colfer e Andrew Donkin, Alianza editorial (novela gráfica para maiores de 9 anos).
- *Árbores no camiño*, Régine Raymond-García & Vanina Starkoff, OQO.

Biblioteca Escolar
CEIP Rosalía de Castro
Curso 2021-22
Programa Lectura e Familias



Árbore xenealóxica literaria

POSIBLES
SENDAS PARA
O NOSO MAPA



POSIBLES SENDAS PARA O NOSO MAPA

Experiencias poéticas integradas no PDI do centro

Un centro con un PDI centrado nos paxaros. Observar a natureza que os rodea.

Obradoiro de haikus (oportuno).

Fichas de descrición poética: que teño diante/ Como a describo poéticamente (con exemplos para guiar)

Niños de palabras: presentaban aos seus compañeirxs as súas palabras favoritas.

Escritos de observación da natureza...

Que máis?

Diarios fotográficos do centro/ camiño ao cole/ dun elemento que acordamos

POSIBLES
SENDAS PARA
O NOSO MAPA



Diarios fotográficos do centro/ camiño ao cole/ dun elemento que acordamos



POSIBLES
SENDAS PARA
O NOSO MAPA

POSIBLES
SENDAS PARA
O NOSO MAPA

Xéneros non literarios: a prensa

Na prensa escrita, na televisión, na radio, nos medios online tamén a literatura é protagonista. Ubicamos na biblioteca recortes de prensa e aparicións en medios de reseñas literarias, títulos, escritores/as. O alumnado ten a misión de buscar nos medios noticias literarias. Nun obradoiro na biblioteca vemos cales son os distintos xéneros xornalísticos (entrevista, reseña, reportaxe) e facemos os nosos propios textos en torno a un libro elexido polo alumnado dunha lista proposta.

Prensa e arte

Intervención en xornais inspirándose no traballo de Eduardo Torres e na black poetry. Selección de palabras e imaxes en prensa para crear publicacións e/ou instalacións. Imaxes do CRA de Vilaboa.



Deseño e posta en prácticas de proxectos multimodais



Traballamos con fotolibros e proxectos fotográficos

Fondo de fotolibros na biblioteca, profundización nas súas posibilidades. Obradoiros de collage fotográfico, elaboración de proxectos fotográficos e fotolibros. Exemplo: Humans and other animals, Look again

Inspiración no traballo de profesionais como Gabriele Galimberti

Proxecto Imagen en red (material adxunto)




Knolling literario

Cal é a súa orixe

Técnica (en principio fotográfica) que consiste en sacar unha foto cenital dunha serie de obxectos escollidos neste caso en torno a un libro. É especialmente importante a **selección dos elementos e a súa colocación.**


Nace nos anos 80 a raíz dunha imaxe da composición que fixo coas ferramentas un conserxe dunha fábrica de mobles do arquitecto Frank Ghery. O artista Tom Sach, ao ver a beleza da composición acabou integrándoa nos seus traballos.

Na literatura trátase de buscar elementos vencellados con un libro. Podemos representar escenas do libro, recrear o seu ambiente... Ser capaces de explicar por que e como!!!



HOW TO KNOLL

1. SCAN YOUR ENVIRONMENT FOR MATERIALS, TOOLS, BOOKS, MUSIC, ETC. WHICH ARE NOT IN USE.
2. PUT AWAY EVERYTHING NOT IN USE. IF YOU AREN'T SURE, LEAVE IT OUT.
3. GROUP ALL 'LIKE' OBJECTS,
4. ALIGN OR SQUARE ALL OBJECTS TO EITHER THE SURFACE THEY REST ON, OR THE STUDIO ITSELF.







RÚBRICA DE EVALUACIÓN DE UN *KNOLLING* LITERARIO

CATEGORÍA	4	3	2	1
PATRÓN ORGANIZATIVO (1 p.)	Los objetos están distribuidos en una superficie plana de forma muy armónica, teniendo en cuenta la forma, el tamaño y la unidad cromática. (1 p.)	Los objetos están distribuidos en una superficie plana de forma armónica, teniendo en cuenta la forma, el tamaño y la unidad cromática.(0'75 p.)	No siempre se ha respetado la forma, tamaño y unidad cromática de los objetos a la hora de distribuirlos en una superficie plana, por lo que su presentación no es muy armónica. (0'5 p.)	No se ha respetado en absoluto la forma, tamaño y unidad cromática de los objetos a la hora de distribuirlos en una superficie plana, por lo que su presentación carece de armonía. (0 p.)
SELECCIÓN DE OBJETOS (2 p.)	Los objetos que aparecen en el knolling se ajustan al número solicitado y son todos muy pertinentes y se ajustan de forma perfecta al contenido de la lectura. (2 p.)	Los objetos que aparecen en el knolling se ajustan al número solicitado y son bastante pertinentes y se ajustan de forma bastante adecuada al contenido de la lectura. (1'5 p.)	Los objetos que aparecen en el knolling no se ajustan al número solicitado y/o algunos de ellos no guardan relación con el contenido de la lectura. (1 p.)	Los objetos que aparecen en el knolling no se ajustan al número solicitado y/o no guardan relación con el contenido de la lectura.. (0 p.)
FOTOGRAFÍA (0'5 p.)	La fotografía tiene una gran calidad, el plano es cenital y la luz es perfecta. (0'5 p.)	La fotografía tiene una calidad aceptable, el plano es cenital y la luz es adecuada. (0'25 p.)	El plano es cenital, pero la fotografía no tiene demasiada calidad y no se ha cuidado demasiado la luminosidad. (0'15 p.)	El plano no es cenital o se ha descuidado de manera evidente la calidad de la fotografía. (0 p.)
CÓDIGO QR (0'5 p.)	Se ha insertado un código QR en un lugar visible y adecuado. (0'5 p.)		Se ha insertado un código QR pero su ubicación no es la más adecuada. (0'25 p.)	No se ha insertado un código QR. (0 p.)
DURACIÓN DEL AUDIO (1 p.)	La duración del audio oscila entre los dos y los tres minutos. (1 p.)		La duración del audio es inferior a dos minutos o superior a tres minutos. (0 p.)	
CONTENIDO DEL AUDIO (2 p.)	En el audio del código QR se explica de manera muy clara y detallada todos los elementos que integran el <i>knolling</i> . (2 p.)	En el audio del código QR se explica de manera bastante clara y detallada todos los elementos que integran el <i>knolling</i> . (1'5 p.)	En el audio del código QR no se explica de manera muy clara y detallada todos los elementos que integran el <i>knolling</i> . (1 p.)	El audio del código QR no funciona o no da una explicación que se da acerca de los elementos que integran el <i>knolling</i> bastante desacertada. (0 p.)
ESTRUCTURA DEL AUDIO (1 p.)	El guion del audio sigue la estructura solicitada (introducción, desarrollo y conclusión, que incluye una valoración de la obra). (1 p.)		El guion del audio no sigue la estructura solicitada. (0 p.)	
DICCION Y EXPRESIVIDAD (2 p.)	La lectura es muy expresiva y se ha vocalizado, entonado y utilizado las pausas de forma precisa y perfecta. (2 p.)	La lectura es bastante expresiva y la entonación, vocalización y volumen de voz es correcta. (1'5 p.)	La lectura no es lo suficientemente expresiva y/o la entonación, vocalización y volumen de voz no es del todo correcto. (1 p.)	La lectura es totalmente inexpressiva y neutra. Además, tanto la entonación como la vocalización y el volumen de voz es inadecuado. (0 p.)

Deseño e posta en prácticas de proxectos multimodais

Observamos e deseñamos.


Obradoiro en aulas de primaria en torno ao **tempo**, Freddy Gonçalves.

Elementos empregados, soportes, formatos e pasos.


Libros analóxicos, gravacións en podcast, preparación cápsula do tempo (analóxica, sonora, audiovisual?), proxecto fotográfico, calquera aportación significativa casual ou non (mensaxe dunha camiseta, a letra dun canción...)

1. Preséntanse unha serie de álbumes ilustrados en torno ao tempo. Ábrese a conversa. Que é o tempo? Como o percibimos? O tempo de lectura dun álbum coincide co tempo no que discurre a historia? Como sabemos iso?

Deseño e posta en prácticas de proxectos multimodais



Deseño e posta en prácticas de proxectos multimodais



Deseño e posta en prácticas de proxectos multimodais

O tempo

2. Da conversa en torno aos álbumes xurde a proposta de facer unha cápsula do tempo que adquiere dobre soporte e podería ter mesmo máis: podcast no que se gravan as reflexións vertidas pola infancia sobre o tempo. Analóxica: que obxectos ou elementos deixaríamos soterrados para que alguén os descubra dentro de 50/100 anos?

3. Incorporamos outro soporte e linguaxe, a fotografía, Traballo da artista Liza Ambrosio parte da exposición La ira de la devoción. Como o interpreta o alumnado? Que versión ilustrada fan desa imaxe?



Deseño e posta en prácticas de proxectos multimodais

4. No desenvolvemento da conversa se introduce un vídeo dunha tiktoker @blux.gigi que se presenta como especialista en Operación Triunfo e comenta e analiza as vidas dos concursantes. Nun dos seus vídeos reflexionan sobre o tempo.

Incorpora reflexións sobre frases en camisetas, cita da cantante Karol G. “mañana será bonito”.

O son

Materiais: álbum ilustrado (selección de informativos, ficción, poesía, etc...)

Hic!, ¡Oh, un libro con sonidos!, ¡Shhh! Las onomatopeyas de cada día,

Chispas y cascabeles

Obra da artista Christine Sun Kim

Grabacións experimentais do artista Alexey Selivertov, especialmente

coñecido en Instagram

Tiktok e o son do mundo.... ou non?



O son

Desenvolvemento da proposta

Como debuxarías o son?

Como o escribirías? Como o contarías?

Ciencia, como se propaga o son? Auga en copas (colorante)

Conciencia fonolóxica. Reproducimos e creamos onomatopeas

Temáticas que nos poden interesar no desenvolvemento da lectoescritura: linguaxe, escenario, personaxes, diálogos, etc...

Narrativas transmedia

- Que son?

Formas narrativas que se expanden a través de diferentes sistemas de significación (verbal, icónico, audiovisual, interactivo, etc) e medios (cine, cómic, televisión, videoxogos, teatro, etc).

Non falamos de meras adaptacións, senón dunha estratexia que vai moito máis aló e desenvolve un mundo narrativo que abarca diferentes medios e linguaxes e aporta dende eles.

Moi vencellada ao mundo das estratexias de marketing



Narrativas transmedia

- Exemplos paradigmáticos son


Fenómenos como Star Wars, The Matrix, Harry Potter, pero tamén se expande a moitos outros ámbitos da lectoescritura dende figuras, personaxes como Tintín, Batman, Pokemon... Scolari (teórico desta temática) mesmo lanza a proposta de considerar o cristianismo como unha narrativa transmedia



Narrativas transmedia


- Rasgos da narrativa transmedia segundo Henry Jenkins: a expansión, a continuidade, a inmersión, a construción de mundos, a serialidade, a subxectividade e a realización (os consumidores convértense en **prosumidores**)
- Está inmersa en outros fenómenos como son o crossmedia (comprende varios medios, dispositivos diferentes e aporta dende cada un deles)





Harry Potter


Libros, películas (aínda que non expandan o universo narrativo dos libros), máis dunha ducia de videoxogos, área temática en parque de atraccións, Mugglespace, Mugglenet...



Constelaciones multimodais

Que son as constelaciones literarias? Concepto introducido por Guadalupe Jover: esquemas visuais que se constrúen en torno á lectura interpretativa, intertextual. Tómase como base un elemento central e se constrúen relacións con outros textos, hipertextos, filmes, etc...

Proxectos multimedia en aula





Proxectos multimedia en aula

Constelacións multimodais

Por definición, as constelacións literarias son multimodais, posto que nacen para interrelacionar experiencias lectoras e artísticas diversas. Seremos capaces de explicar que nos leva dunha lectura a outra.


Debullemos un caso paso a paso dende unha ollada crítica.

Alicia en el país de las maravillas

Proxectos multimedia en aula

Constelacións multimodais

1. Comprobamos que sabe o alumnado sobre o hipotexto: Facemos un cuestionario sinxelo para ubicar os seus coñecementos previos.
 2. Explicamos ao alumnado o concepto da constelación
 3. Primeiro borrador simple e individual de constelación.
Pensa: con qué canción, película, xogo, campaña publicitaria, serie relacionas...
 4. Se revisa unha proposta de constelación global á que se suman as propostas individuais. Revisámolas unha por unha.
 5. Cada alumno/a elixe 3 elementos da constelación e constrúe un relato con eles.
 6. Cada alumno/a le o relato de outro/a e se comparten e comentan
- Outras propostas: obra colectiva en torno a ese hipotexto, outras creacións...



Creación dun almanaque propio

Esta é a inspiración e estas son algunhas das ferramentas que podemos utilizar. Analizar que formato (anual, semanal, mensual, trimestral) Decidir que contidos (curiosidades, xogos, retos, recomendacións de libros...)

Libros e inspiracións calendario das palabras e a linguaxe

El abecedario travieso, Takatuka; Animalfabeto, Triqueta; Un huevo en bicicleta, Una niña con patatas, A buen paso; Lost in translation, El viaje de las palabras, Guillermo Jorge Manuel José, Letras al carbón, PRIT, Fake over, Der Kinder Kalender

Sair do centro

Sacar as lecturas ao aire



DAR CONTEXTO



Trasladar as experiencias lectoras (na medida do posible) a outros contextos que axuden a expandir e dar sentido

Exemplo

Visita a unha exposición

Anticípase e prepárase con bibliografía da temática/autorxs...

Se inclúe pezas literarias, animamos ao alumnado a apropiarse desas pezas (técnicas de intervención cercanas aos libros de artista)

Conversas e actividades creativas vencelladas a toda a experiencia artística vivida.

Expandimos as experiencias lectoras e fomentamos socialización en torno á lectura e á creación.

Laboratorio de libros

Experiencias a partir dos libros xogo, libros son solapas e sorpresas.

Experiencias sensoriais e artísticas relacionadas con distintos libros.



Laboratorio de libros

Colocar pezas plus plus xunto a unha serie de álbumes ilustrados. Convidamos ao alumnado a que cree os personaxes das ilustracións coas pezas.

A parede de contar/ver/escoitar. Esta actividade é modificable e está vinculada cos susurradores. Neste caso colocamos un cartón grande e un tubo ancho no medio. De cada lado un neno: un conta unha historia e o outro a escoita. En outra versión, un amosa a historia e o outro a observa o que está do outro lado fai sempre a súa versión ilustrada. Poden combinarse ambas posibilidades.

Música vinculada a libros.

Experiencias do festival literario FLIC



Facendo o noso makerspace

Creamos libros con ferramentas variadas. Por que
non con Lego?

Proxecto Inner Peace, escola irlandesa.



En busca do libro perdido

Xogo de pistas na biblioteca e no cole

Damos unha pista verbal inicial (podemos traballar por equipos)

Haberá pistas agochadas en distintos lugares da biblioteca ou do centro educativo que nos irán levando ao seguinte escondite ata atopar o escondite do libro.

Outra opción é que as pistas sexan adiviñas que nos axuden a compoñer o título do libro.

Traballar a posta en escena (libro nun cofre ou similar, escondite vistoso)



Mulleres na ciencia

Investigación nas nosas familias e no noso contorno que nos permita descubrir mulleres que traballan no eido científico. Organizamos todos os nosos achádegos nunha exposición na entrada do centro, na biblioteca e/ou nas aulas con formato itinerante (cartón corrugado). Formatos variados: fotografías, audios, vídeos, entrevistas, etc... Libros que nos poden servir de inspiración: La jardinera, Viriditas, Lo que cuentan las conchas, Pioneiras, E ti, que científicas coñeces? (descargable)



Revista cos libros como detonador

Podemos tomar como modelo o da revista Pantera, de ciencia e ecoloxía, polo seu rigor, calidade e enfoque literario. Podemos adoptar algunhas das súas seccións: editorial, cómic, conto, investigación, retos/actividades, pasatempo, entrevista.

Fíos dos que podemos tirar:

Libros como: Sofía viaja a la Antártida, Los pulpos tienen 0 huesos, Cómo construir un hermano mayor, Anybody, Manual de supervivencia para piojos, Los orangutanes y yo.

Lapbooks

Proxectos científicos: bocadillos científicos, Kids CSIC, musoc, agencia SINC, podcast Sapiensantes

Podemos cambiar a temática cada curso... por exemplo, a cociña. Mirade isto



Libros colectivos



Esta proposta de actividade é tamén combinable e integrable en proxectos moi diferentes. Cada curso pode facer o seu propio libro colectivo coa participación de todo o alumnado e tamén das familias (cancioneiro, receitas, ABCdario...)

Elaboración dun diccionario de ditos e refráns

Refraneiro de...

Elaboración dun diccionario coa participación de todo o alumnado e estimulando a colaboración das familias (ánimase a que veñan ao centro e aporten)

En infantil e primeiros cursos de primaria pode pedirse que envíen arrolos ou cancións tradicionais


Poñemos en valor a riqueza da literatura oral

Aprendizaxe proceso de recompilación de información e organización da mesma

Elaboración dun produto final que quedará na biblioteca

27 CASAS

Poemas para entrar a vivir



Raúl V David



Fogar

Cada ciclo ou curso escolle un libro “para quedar a vivir en el”. Lectura en voz alta, creación literaria.

Xeografía das casas do mundo.



Poemas como casas.

Dereitos humans: unha casa digna.

Debuxamos as nosas casas.

Obradoiro de casas con caixas.

Libro Casas con historias




H2O

Obradoiros poéticos (palabras como ríos), creativos (barquiños de papel, barquiños con caixas de mistos)

Propostas extrapolables a outras temáticas: refraneiro de auga (auga pasada non move muíño...), Libro das pingas de auga (Infantil), Pasapalabra de ríos e mares (empeza por f, edificación situada na costa con foco potente). ABCdario acuático no último ciclo.

Exposición dos traballos na biblio.

Para investigar libros en torno á auga.



Podcast...

Por que non filosófico?

Partindo dos materiais da editorial Wonder Ponder guionizamos (elaborar unha escaleta) e grabamos a nosa propia serie de podcast filosóficos literarios. Partimos das caixas de

Wonder Ponder e conversamos sobre libros variados como Tristán encoge, Todos contamos, Zorro, Petit, el monstruo, Pinguino, Likeo luego existo. Caderniños elaborados por wonder ponder descargables sobre temas como a escola, o Nadal, a morte...



A música

Infantil: poesía musicada, libros con música.

Investigamos na historia musical do noso contorno... Músicos/as nas aulas, nas familias, nas rúas cercanas, festivais ou eventos...

Protagonismo da música na historia cultural da vila e de cada familia.

4º, 5º, 6º. Novas versións de cancións tradicionais ou temas moi coñecidos (Beatles, por exemplo). Cambian a letra para adaptala a situacións actuais.

Investigación coas familias: canción tradicional da zona, xogos con música.

ANTONIO RUBIO DAVID PINTOR

ALMANAQUE MUSICAL



Libros postais

As cartas son un acontecemento. Podemos converter a biblioteca nunha oficina de correos chea de posibilidades postais.

Actividades de envío e recepción de cartas. Buzón na biblioteca. Cartas ao

alcalde. Cartas aos nosos seres queridos. Selección de libros postais.

Obradoiro postal de conto. Xogos

postais. Postais lectoras con recomendacións, para outras aulas.




Animais

Curiosidades animais: mural/táboa
con datos (o máis rápido, o que
durme máis...)

Fauna galega, investigación sobre
fauna da zona.

Seres fabulosos. Creamos os nosos
proprios animais

Animalarío gráfico imaxinario.



Os números e nós

Selección de libros con vencellos: Las matemáticas del universo, Números...

Murais en papel continuo ou cartulinas, cos debuxos alusivos: elefantes, perritos, ovos e os números que van saíndo e aprender cancións e poemas:

- Un elefante se balanceaba □ Yo tenía diez perritos □ La gallina Turuleta
- Los números de Antonio Gómez Yebra

Primeiro ciclo Primaria. Alumnado elabora un libro persoal cos números da súa vida: Teño tantos anos, o meu cumpreanos é o día, na miña familia somos..., mido...matrícula do coche



Segundo ciclo: poemas con números, xogos matemáticos

Terceiro e segundo ciclo: Tangram gato, xogos, formas xeométricas no arte

A escola é un museo

Escollemos un artista ou tendencia artística e transformamos a biblioteca, as aulas e os espazos comúns do centro nunha galería de arte. Colocamos reproducións das obras nas paredes con un fondo neutro. En outra zona imaxes da súa vida e reproducimos un cuarto ou elemento significativo e que sorprenda e impacte ao alumnado. Selección de libros, visitas guiadas ao museo, actividades de descuberta, obradoiros creativos.





Somos artistas

Como parte do proxecto anterior, ou proxecto novo. Exploramos as artes e a creatividade. Que significa ser artista? Descubrimos exemplos e desenvolvemos a nosa creatividade a través da literatura, pero tamén de outros camiños artísticos. Exploramos a través de libros como: Dibujo de una ciudad, Animation lab. Proyectos prácticos y divertidos para crear cine de animación, Cómo son los animales y cómo dibujarlos, Arte crea tu libro, cartas de Tinkuy (tamén en poesía).

Obradoiro sobre fotolibros

Coñecemos este formato de libro álbum e profundizamos na experimentación fotográfica.

Intervención de fotos- collage

Construcción de historias

Disciplinas artísticas diversas, se nos animamos co stop motion podemos facer tamén o noso zootropo (material adxunto).



Acompañamento lector en obras íntegras

Traballo de Guadalupe Jover

Baséase nas conversas literarias, sempre guiadas e acompañadas.

Deseña un itinerario de progreso e un traballo por partes.

Consignas previas á lectura (en que me debo fixar) Preséntanse como propostas vencelladas: unha noticia, unha fotografía, un material provocador que relacionemos coa lectura. Lanzamos preguntas e provocacións

Conversas en torno á lectura

Constelacións literarias



A green triangle is positioned in the top-left corner of the slide, pointing towards the bottom-right. A large blue circle is located in the bottom-left corner, partially overlapping the green triangle's base.

ACOMPañAMIENTO EN CONTEXTOS ESPECIALMENTE COMPLEXOS

En contextos nos que a lectura se rexeita.

Reto de seleccionar un libro que permita superar a barreira que rodea de forma invisible “o feito literario” (relatos breves ou poesía que conecte con temas actuais e cercanos para o alumnado)

Necesidade de espazos de socialización orientados á creación de comunidades lectoras.

Creación de espazos que permitan o encontro íntimo coa obra.

A decorative graphic on the left side of the slide. It consists of a green right-angled triangle in the upper-left corner and a large blue circle in the lower-left corner, both set against a black background.

LECTURA DE TOBI LOLNESS

Proposta

Lectura progresiva do libro por fases con un caderno de aprendizaxe que se encadra nun blog grupal.


Neste libro a liña do tempo ten especial relevancia, por iso se diseña un cadro para seguila.

Os comentarios céntranse nese aspecto nun esquema de liña de tempo



MÁIS IDEAS DE LECTURA ACOMPAÑADA

Lectura dunha novela complexa

1. Unha semana de lectura en silencio en aula
 2. Guía de lectura que destaca elementos centrais (como disparador de pensamento)
 3. Tertulias literarias sobre o libro
 4. Xogo de rol (dramatizado ou non)
 5. Elaborar un álbum de citas con extractos destacados polo alumnado e ilustrado por eles/as
- 

ACOMPañAMENTO CON ZORRO

Obxectivo: recoñecer a forma en que se constrúen os personaxes.

1. Primeira lectura acompañada de diario para recoller impresións sobre o libro, especialmente, personaxes.

2. En pequenos grupos, lemos as nosas impresións. Son iguais? Seguimos en grupo. Intentamos revivir ese primeiro encontro con Zorro, que adxectivo lle poñerías? Traballamos a imaxe de Zorro, observamos as ilustracións, que emocións nos producen?

Comparamos con ilustracións de outros raposos (O paseo de Rosalía, El árbol de los recuerdos...) Pensamos en por que elixiu Ron Brooks esta forma de ilustralo. * As comparacións “serpentea entre los árboles como una lengua de fuego”.

Elaboramos un pequeno esquema coa cita, con qué o compara e en que nos fai pensar (desfacemos a estratexia do símil).

3. Conversa literaria da aula sobre o libro empezando polo personaxe.

APROPIACIÓN DE CLÁSICOS

Baseado nunha reportaxe publicada na revista Dramática. Extractos de textos clásicos sen identificar reinterpretados polo alumnado.

“Eu son..... e esta é a miña historia.
Contada por min mesma, coa miña
VOZ”

APROPIACIÓN DE CLÁSICOS

“O destino sempre avisa”



APROPIACIÓN DE CLÁSICOS

“Aínda que as follas sexan moitas, a raíz é só unha”



APROPIACIÓN DE CLÁSICOS

“Mi corazón/ se llena de agua/ con pececillos/ de
sombra y plata”



APROPIACIÓN DE CLÁSICOS

“El mundo es un conjunto de ojos, oídos y bocas, que se cierran para lo bueno y se abren para lo malo gustosísimas”

